



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Aprobación definitiva da modificación da base 47ª das bases de execución do Orzamento 2021: Subvencións nominativas e directas

Aprobación definitiva da modificación da base 47ª das bases de execución do Orzamento 2021: Subvencións nominativas e directas

ANUNCIO

Rematado o prazo de exposición pública do expediente 1230/2021 de modificación da base 47ª das bases de execución do Orzamento 2021 para a inclusión de subvencións nominativas na de área de servizos sociais e a modificación do importe da achega prevista na subvención nominativa á Asociación Cáritas Parroquial de Goiáns, aprobado inicialmente por acordo do Pleno da Corporación na sesión extraordinaria do 22.07.2021, sen que se presentasen reclamacións, elévase a definitivo o dito acordo, segundo dispón o artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O detalle das subvencións nominativas incluídas na base 47ª das bases de execución do Orzamento 2021 é o seguinte:

Área de servizos sociais

ASOCIACIÓN	CIF	OBXECTO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE
Asociación A Creba	G-15476310	Cobertura dos gastos do servizo de transporte	1.500,00 €
Asociación Ambar	G-15052434	Cobertura dos gastos do servizo de transporte	1.500,00 €
Asociación Amicos	G-15747678	Cobertura dos gastos do servizo de transporte	1.500,00 €
Asociación Misela	G-15450208	Cobertura dos gastos do servizo de transporte	1.500,00 €

ASOCIACIÓN	CIF	OBXECTO DA SUBVENCIÓN	IMPORTE
Asociación Cáritas Parroquial de Goiáns	R1500053B	Cobertura necesidades básicas e transporte de alimentos	1.500,00 €

Contra este acordo, segundo dispón o artigo 171.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderase interpoñer recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno. Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 171.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acordo impugnado.

Porto do Son, 26 de agosto de 2021

O Alcalde-Presidente

Asdo. José Luis Oujo Pouso

2021/6502